

**A CORRESPONDENCIA  
DO CONDE DE GONDOMAR:  
HISTORIA DA COLECCIÓN  
E CONTIDO**

**Xosé Luís Rodríguez Montederramo**  
Real Biblioteca

DOI: [10.17075/cbfc.2020.012](https://doi.org/10.17075/cbfc.2020.012)



## 1. HISTORIA DUN ARQUIVO PERSONAL

Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar, está presente por diversos motivos no corpus da escrita en galego da Idade Moderna, ben como posuidor dos volumes que recollen as testemuñas, ben como correspondente das cartas nesta lingua, ou ben como posible promotor dalgunha das escasas manifestacións literarias en galego. Así, a “Canción galega en loor de don Diego das Mariñas” [GOND053a-b]<sup>1</sup>, conservada en dúas copias, atópase nun manuscrito procedente da denominada Casa do Sol de Valladolid, residencia do conde nesa cidade, segundo consta pola sinatura que figura na súa primeira folla de garda (Álvarez Blanco / Rodríguez Montederramo 2003). Da mesma orixe son as cartas e fragmentos en galego de Beatriz da Serra [GOND036, GOND037], de San Juan de Amorín [GONDO46], de Rodrigo Moscoso de Sandoval [GOND045], de Pedro Obeso de Oriona [GOND044], de María de Moscoso y Sotomayor [GOND043], Lanzós y Andrade [GOND040], Diego Sarmiento de Sotomayor, señor das Achas [GONDO38, GOND039] (Álvarez Blanco / Rodríguez Montederramo 2005). E mesmo o “Diálogo de Alberte e Bieito” [GOND052] é susceptible de ser afiliado a esta procedencia, como apuntan Álvarez Blanco / Rodríguez Montederramo (2002). Efectivamente, algúns textos circundantes deste poema dramático recollidos no manuscrito da Casa de Alba teñen un vínculo indubidable con Gondomar, tales coma as “Coplas al alumbramiento... de doña Constanza de Acuña”, muller do conde. Sábese, ademais, que á Casa de Alba foron parar algunhas pezas importante da biblioteca gondomariense<sup>2</sup>.

O seu epistolario, obxecto deste artigo, integrado no arquivo persoal, contén noticias imprescindibles para a contextualización deste escaso pero significativo corpus de textos galegos dos séculos escuros e é testemuño dos usos e prácticas

---

<sup>1</sup> As referencias que empregan esta fórmula remiten a Álvarez / González Seoane (2017).

<sup>2</sup> É o caso do *Atlas* de Vaz Dourado, no Palacio de Liria dende o século XIX.

literarias, librarías, epistolares, ou mesmo festivas da época, contornas probables da produción escrita e oral do galego.

Os primeiros inventarios, que permiten a visualización e a reconstrución dos distintos estadios polos que pasa unha colección de libros e nalgúns casos constatan a estimación de que eran obxecto por parte do seu posuidor, rexistran con maior ou menor detalle os materiais propiamente arquivísticos. O conde de Gondomar é consciente do valor instrumental que os papeis adquiren nese momento e, en particular, da carta como vehículo primordial de comunicación<sup>3</sup>. Así, o inventario máis completo feito en vida do conde, que leva por título *Índice y inventario de los libros que ay en la librería de Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar, en su casa de Valladolid, hecho a último de abril de 1623* (BNE Mss. 13593-13594)<sup>4</sup>, baixo o epígrafe “Libros de diferentes materias”, recolle a serie máis extensa de cartas baixo esta breve entrada:

Cartas de diferentes personas escritas al señor don Diego Sarmiento de Acuña que oy es conde de Gondomar y del Consejo de Estado y Guerra de Su Magestad, etc. Comienzan las cartas desde el año 1595 hasta el de 1620. Son 143 volúmenes.

Ademais desa colección propia, xerada pola súa actividade ou na súa contorna, hai tamén colección herdada<sup>5</sup>, como é o caso da correspondencia de Lope de Acuña, pai de dona Constanza de Acuña i Avellaneda, segunda muller do conde de Gondomar, de quen herdará o padroado de San Benito el Viejo en Valladolid<sup>6</sup>:

---

<sup>3</sup> Bouza (1996, 1997) analiza o proceso de formación e o uso instrumental dos arquivos de particulares. En concreto, para o caso de Juan de Zúñiga (1536-1586), príncipe de Pietrapercia, estuda nove inventarios de *escritorios de papéis*, conservados no fondo Gondomar da Real Biblioteca, baixo a sinatura II/2131, que describe a configuración do seu arquivo persoal. Este inventario foi remitido a Gondomar polo marqués de Velada, coa intención de que “le vea y rraye en las márgenes lo que le contentare”, o que nos indica unha vía de entrada de arquivos alleos.

<sup>4</sup> Este inventario foi editado por Manso Porto (1996). *Ex Bibliotheca Gondomariensi* (Real Biblioteca 2018) é un recurso electrónico que contén a edición íntegra deste inventario e, progresivamente, está a incorporar a descrición dos títulos e exemplares concretos identificados.

<sup>5</sup> Seguimos a clasificación que Cuñat Ciscar (2002) fai das coleccións que en xeral integran os arquivos familiares: Colección herdadas, xeradas e creadas.

<sup>6</sup> Parte destes volumes consérvanse actualmente na RAH. En efecto, no t. VI do *Índice da colección Salazar y Castro...* (Vargas-Zúñiga y Montero Espinosa / Cuartero y Huerta 1949, vol. VI) descríbense “Cartas y documentos relativos a Don Lope de Acuña y Avellaneda, Gobernador de Alejandría y teniente general de la Caballería de Flandes (1557-1573)”.

Cartas de diferentes personas escritas al Señor don Lope de Acuña en el año 1572 y otros. fº. Son 8 volúmenes.

Papeles tocantes al Señor don Lope de Acuña y de sus servicios y hazienda . fº. etc.

Cartas de diferentes personas al Señor don Lope de Acuña y a mi Señora doña Constanca de Acuña y Auellaneda, su hija . fº.

A este mesmo capítulo deben adscribirse os tres volumes que recollen a correspondencia de Pedro de Acuña, irmán de don Lope, responsable da execución do testamento e dos desexos do seu irmán no que se refire ao matrimonio de dona Constanza con don Diego (García Oro 1997: 53-54).

Cartas del Señor don Lope de Acuña y de otras personas diferentes para don Pedro de Acuña . fº. Son 3 volúmenes.

Xa dentro do que poderíamos considerar colección creada (Cuñat Ciscar 2002), é dicir, formada a partir de criterios de selección de materiais alleos, débese incluír a correspondencia de personaxes importantes na escena política do momento, como é o Duque de Lerma:

Cartas de diferentes personas escritas al Duque de Lerma desde el año de 1601 hasta el de 1606 . fº. Son 38 volúmenes.

Papeles diferentes y consultas tocantes a las cosas y hazienda del Duque de Lerma. Año 1604, etc . fº.

Pero o inventario que mellor describe este arquivo nobiliario nun estado seguramente próximo ao que presentaba en época do seu primeiro poseedor e principal responsable, o primeiro conde de Gondomar, é o que leva por título *Indice de los legajos de la Sala cuarta y razón de los papeles de varios pleitos que se han hallado en esta librería de la Casa del Sol...* (BNE Mss. 19523), redactado no século XVIII, nun momento próximo á súa venda e traslado ao Palacio Real.

Ao tratar case en exclusiva do arquivo particular e non se ocupar máis que esporadicamente, como veremos, dos libros impresos e manuscritos, este índice foi

pouco afortunado entre os estudosos da biblioteca de Gondomar<sup>7</sup>. Ao longo de 106 folios rexistra todos os volumes e cartapacios con material que xenericamente denominamos arquivístico, e no que se inclúen cartas, alegacións en dereito, memoriais, e tamén, algúns textos historiográficos<sup>8</sup>. As súas entradas presentan un bo nivel de detalle, suficiente en moitos casos para a identificación actual do volume. Así, por exemplo, nun bo número de asentos identifícase a carta coa que comeza o volume:

Otro tomo de cartas del año de mil quinientos y noventa y seis. Da principio con carta de don Francisco de Villapadierna, en folio y pergamino.

Consultado o catálogo da Real Biblioteca, é fácil adiviñar neste caso que se corresponde co actual volume reencadernado en pasta española que ten por sinatura RB II/2157, que comeza efectivamente coa carta que Francisco Villapadierna remite dende Valladolid con data de 15 de outubro de 1596 (López-Vidriero n.d.: III, 10744-11049). A folla de garda coa anotación “Cartas. Año de 1596”, que se corresponde coa descrición do inventario, corrobora esta identificación. Por outra banda, estes datos revelan que no proceso de encadernación se respectou a configuración que tiveron no seu estado primitivo, é dicir, aquela que lle outorgou o seu primeiro arquivista ou bibliotecario, baixo as ordes do conde<sup>9</sup>. De feito, hai coincidencia en moitos volumes entre os asentos do inventario, tomados seguramente do propio manuscrito, e as pautas que nos volumes actuais foron consignadas para o encadernador.

No capítulo de correspondencia allea, son de especial interese as múltiples entradas ao longo do índice relativas ao epistolario de Granvela, distribuído en varios caixóns, que hoxe se conserva na Real Biblioteca e constitúe un dos seus

---

<sup>7</sup> Algunhas consideracións sobre este inventario poden lerse en Andrés Escapa / Rodríguez Gómez (1998).

<sup>8</sup> De feito, convén lembrar o vínculo existente neste período entre correspondencia, historiografía e xenealoxía. Neste senso, Montcher (2011) analiza a circulación de “documentación e informacións sobre genealogía” a través das cartas que intercambian Alonso Lope de Haro e o conde de Gondomar, y pon de manifesto como esa comunicación epistolar “fue decisivo para la redacción y edición de obras históricas”. Mesmo postula a existencia de “redes de cooperación” para unha “escritura colectiva”.

<sup>9</sup> En Apéndice I ofrecemos unha listaxe de volumes de correspondencia do conde de Gondomar conservados actualmente na RB, e damos para cada un a actual sinatura, a transcripción da etiqueta e a posible pauta para o encadernador polo xeral en forma de tira de papel.

fondos documentais de maior valor historiográfico. Xa no primeiro e segundo caixón atopamos

Item otro legaxo de cartas, la primera de señor obispo de Arras.

Item otro legaxo de cartas, la primera de don Antonio Perronoto.

que remiten indubidablemente ao cardeal Antoine Perrenot de Granvelle. Sobre a entrada deste epistolario na Casa do Sol tense formulado a hipótese que propón a don Antonio Sarmiento, fillo e herdeiro de don Diego, como responsable da adquisición. Don Antonio foi legado do rei Felipe IV en Borgoña e en Besançon, e aí puido, seguramente, facerse con eses volumes de cartas do cardeal. A súa estancia coincide co desmantelamento do palacio de Granvela en Besançon o que dá maior crédito a esa posibilidade (Moreno Gallego 2005).

Ademais do fondo epistolar, a sala cuarta tamén acolle a voluminosa sección de alegacións en dereito e memoriais, que actualmente tamén se conservan, aínda que non na súa totalidade, na Real Biblioteca (López-Vidriero 2004). Finalmente, por razóns descoñecidas, algúns caixóns desta sala foron asento de materiais de tipo librario, que non teñen nada que ver co arquivo privado, como, por exemplo, o coñecido fondo de comedias manuscritas, unha das coleccións desta biblioteca que máis atención mereceu de parte dos estudosos (Arata 1996), ou a tradución manuscrita española da *Utopía*, de Tomás Moro, por citar textos sobranceiros, ademais de libros impresos de diversas épocas e xéneros. Obviamente, a desorde ocasional é un fenómeno habitual en calquera biblioteca e este catálogo revela un estado particular desa circunstancia.

Por outras fontes, hai evidencias de que esta sala cuarta podería ter acollido papeis da familia Malpica, propietaria da Casa do Sol no momento da súa venda á casa real. Dous testemuños de diferente procedencia parecen confirmalo. En primeiro lugar, a reclamación que a duquesa de Arión fixo ao secretario de Graza e Xustiza unha vez feita a entrega dos libros ao comisionado real:

Tenía noticia de que con los libros que se traxeron de Valladolid habían venido ciertos documentos, títulos o papeles pertenecientes a la casa y estados de su hijo el marqués de Malpica, solicitando se le entregasen para colocarlos en el archivo de su casa.

En segundo lugar, a carta oficial que Amat e Pont envía ao secretario de Graza e Xustiza Caballero dando conta da inspección dos papeis e libros da librería de Valladolid:

En la ligera inspección que he podido hacer estos días de los legajos de papeles y libros de la librería que vino de Valladolid, no ha dexado de venirme a las manos algunos que pueden pertenecer a la casa y estados de Malpica y D. Juan Alamanzón que por orden de su Magestad ha visto con detención esta librería cree podrá haber muchos de la misma clase (Biblioteca de Catalunya, Registro, Ms 3726, sign. 21-III).

Seguramente moitos dos papeis hoxe encadernados con outros inequivocamente de Gondomar teñan esa orixe, tales como algunhas alegacións en dereito referentes á Vila de Malpica (II/2381)<sup>10</sup>.

## 2. DA CASA DO SOL AO PALACIO REAL DE MADRID

Os trámites para a adquisición da librería da Casa do Sol polo rei Carlos IV están ben documentados. Con data de 1805 coñécese o informe que dende o Escorial remite o xerónimo Francisco Cifuentes a José Antonio Caballero, secretario de Graza e Xustiza, no que ofrece a súa impresión sobre a biblioteca do conde de Gondomar e a conveniencia de adquirila. Xa en 1806 é o propio bibliotecario da Real Academia, Juan Ramírez de Alamanzón, quen se despraza a Valladolid para facer *in situ* durante tres meses unha primeira valoración. A taxación definitiva terá que agardar ata febreiro de 1808. Á marxe da taxación,ponse de manifesto a grande estima que da biblioteca tivo o seu fundador que, con algún éxito, trasladou aos seus sucesores, e que, a xuízo do bibliotecario Alamanzón, veríase recompensada co seu destino rexio:

Una cosa hai que no está sujeta a tasación, que es la estima que cada uno hace de sus alhajas. La que la casa de Malpica deberá tener desta librería habrá de ser muy grande si se acuerda de los último encargos de su fundador, por los que después de todo y sobre

---

<sup>10</sup> Ata agora só coñecemos un libro con exlibris explícito do marqués de Malpica, que procede de Gondomar. Trátase da obra *De locis Tehologjicis Libri duodecim*, de Melchor Cano (Salamanca, 1563) [RB III/601]. O exlibris manuscrito figura na primeira folla de garda: “De la librería del Excelentísimo S. Marqués de Manzera, Malpica, duque de Medina de Rioseco, en Valladolid”. E máis abaixo a signatura topográfica característica da Casa do Sol: “Sal. 3.<sup>a</sup> Est. 9 Cax. 5.<sup>a</sup>”



todo les previene a sus sucesores el grande aprecio que deben hacer de sus libros, porque nunca les podrán hacer mal y muchas veces les podrán hacer bien. Según vi en Valladolid, los oficios de la condesa en este punto han sido aunque justos muy generosos. Pero si esta generosidad tiene la desgracia de no poderse medir ni tasar, tiene también la fortuna de ser hecha a un soberano que aprecia y remunera estos obsequios como otro ninguno (Andrés Escapa 2012).

A aceptación da taxación pola propietaria, a viúva de Arión, nai do marqués de Malpica, herdeiro do título do condado de Gondomar, ocorre o 14 de marzo de 1808.

O traslado físico da librería gondomariense entre Valladolid e o Palacio Real Madrid pode ser trazado con bastante precisión (Fernández de Córdoba / Cortijo Medina 1999). José Antonio Ortiz de Salazar, que representa ao Marqués de Malpica, na Casa do Sol en Valladolid fai entrega dos libros ao comisionado real, D. Francisco de Ulloa e Olmedilla, o 30 de abril de 1808. A ruta seguida dende Valladolid ata o seu destino definitivo divídese en dous tramos, de Valladolid a Aranjuez, cidade na que se atopaba Carlos IV, e de aí a Madrid. En Aranjuez, Alamazón, que na época era o bibliotecario de Cámara, fai unha primeira revisión dos libros, para, uns días despois, trasladárense a Madrid.

O Palacio acolle esta inmensa librería nobiliaria nun momento de grande actividade, xa que é nesta altura cando entran na biblioteca de cámara a maioría das coleccións privadas que configuran o seu actual fondo. Así, xunto coa biblioteca do Conde de Gondomar, sen dúbida unha das máis importantes, ingresan os libros do Oidor Bruna (López-Vidriero 1999), do conde de Mansilla, do Deán de Teruel (Ahijado Martínez 2012), dos Colexios Maiores de Salamanca, ou os fondos da Secretaría de Graza e Xustiza, por mencionar os máis representativos. Deste xeito facíase constar nun informe relativo ao aumento da biblioteca de Cámara, cronoloxicamente próximo ás incorporacións:

En el reinado del Sr. D. Felipe V por los años de 1714, tuvo su principio esta Biblioteca, formándose desde aquella época con el ingreso sucesivo de la del Conde de Mansilla, la del Deán de Teruel, la del Conde de Gondomar, llamada del Sol de Valladolid, la de la Secretaría de Gracia y Justicia de Indias, de varios libros de la Testamentaria de un Oidor de Sevilla llamado Bruna, de muchos que trajo el difunto Sr. Rey de Valencey, y de algunos regalados y comprados durante su reinado. Los manuscritos son en su mayor

parte procedentes de los Colegios Mayores, cuando su extinción, de las colecciones de D. Juan Bautista Muñoz y D. Miguel de Manuel, con algunos otros de las mencionadas bibliotecas... [RB arb/4, carp/33, doc. 250].

Antes do seu asentamento definitivo nos estantes da biblioteca, os libros son depositados nunha dependencia denominada “Juego de Pelota”, onde serán sometidos a un proceso de re-encadernación, baixo a supervisión de Alamanzón. Sen dúbida, unha das tarefas máis complicadas será a coordinación da compaxinación e encadernación, especialmente con relación aos papeis varios. En efecto, coñécese a desorde en que se atopaba este tipo de documentación:

Documentos o papeles de pocos pliegos, mezclados en los legajos que contienen cartas y otros papeles literarios, cuyo examen, sin duda, nadie podría hacer mejor que Alamanzón (Fernández de Córdoba / Cortijo Medina 1999: 98).

Todos estes labores previos explican a mestura de materiais de diferente orixe nun mesmo volume ou a segregación de pezas primitivamente unitarias. Sobre todo este proceso existe suficiente documentación aclaratoria no Arquivo Xeral de Palacio. En concreto, consérvanse na sección “Bolsillo secreto” e en “Expedientes personales” os libros de contas dos denominados encadernadores de cámara, oficiais nomeados para a tarefa de encadernación e compaxinación das bibliotecas incorporadas.

Trátase dunha documentación moi explícita, que indica as características e o prezo das encadernacións así coma o título dos libros sometidos a este proceso, o que permite a adscrición indubidable de moitas encadernacións aos seus correspondentes talleres coa datación precisa da súa execución. Doutrouso concepto da factura podemos inferir algúns aspectos da cadea de traballo. Así, a entrada que di “persoa intelixente”, cun subsidio tres veces maior que o que lle corresponde a un oficial, fai supoñer un traballo de análise previa dos materiais que estaban a ser encadernados, especialmente cando eran facticios, acéfalos ou de diversas orixes. A agrupación temática e xenérica só pode ser levada a cabo por esa denominada persoa intelixente, é dicir, capaz de escribir e ler e con algunha formación en letras e erudición. A bo seguro esta persoa intelixente é autora das relacións de contido a modo de índices que figuran no principio de moitos destes volumes facticios, con pezas numeradas, probablemente, tamén por obra del. Na

súa situación actual, a colección arquivística, de papeis varios e facticios, presenta una configuración homoxénea en volumes, a encadernación dos cales responde á seguinte descrición técnica:

Pasta valenciana chocolate y azul, del Taller de Juego de Pelota (2.<sup>a</sup> época, Fernando VII); planos con rueda dorada; lomera lisa con paletas doradas simulando nervios y clipeos en entrenervios ; tej. de tafilete rojo. Guardas de aguas. Cortes jaspeados<sup>11</sup>.

### 3. DISPERSIÓN

Non obstante, o feito de que o núcleo importante da librería e, en particular, do epistolario gondomariense, chegase dende Valladolid ao Palacio Real non impide a presenza notable de materiais desta procedencia noutros depósitos<sup>12</sup>. Polo que se refire á correspondencia, interesa mencionar a Biblioteca Nacional de España (BNE), a Real Academia da Historia (BRH) e o Arquivo de Simancas (AS). Estes dous últimos conservan a encadernación probablemente orixinal, en pergameo, tal como estaban na sala cuarta da Casa do Sol de Valladolid.

Os volumes do epistolario gondomariense conservados na BNE proceden de Gayangos e están descritos de forma breve, en menos de tres páxinas, no catálogo que Pedro Roca (1904: n. 260) dedicou a esa procedencia da BNE. Os 12 volumes que a integran están perfectamente identificados cunha anotación ao comezo que advirte da súa adquisición:

Este y otros libros de cartas fueron de D. Francisco de la Torre Ayllón y Gallo, a cuyos herederos los compré en 1852.

<sup>11</sup> Descrición tomada de IBIS (Real Biblioteca n.d.). Pertence ao que denominamos segunda época no labor de encadernación desenvolvida no Taller de Juego de Pelota. A seguinte descrición, moi semellante á anterior, que tamén afecta a volumes do epistolario de Gondomar, corresponde á primeira etapa: “Encuadernación en pasta española goteada en verde, del Taller de Juego de Pelota (1<sup>a</sup> época, Carlos IV); lomera lisa con paletas doradas simulando nervios y clipeos; tej. de tafilete rojo; guardas de aguas. Cantos dorados; en la parte inferior del lomo, cifra real de Carlos IV; ex-libris real de Carlos IV en la cara interna del plano anterior de la encuadernación”.

<sup>12</sup> En Michael / Ahijado Martínez (1996: 197) menciónanse a BNE, a RAH, o AGS, a RAE, o Arquivo de Alba, así como coleccións privadas, como depositarios actuais da biblioteca de Gondomar.

O primeiro volume inclúe cartas de Pedro García de Ovalle; o segundo da embaixada en Inglaterra, moitos do confesor Diego de la Fuente; o terceiro tamén ten interese por se centrar na segunda embaixada. Os volumes restantes son máis diversos, pero con dominio cronolóxico na década dos anos 20, é dicir, o período final de Gondomar. O último dos volumes é de especial interese porque contén cartas de Teller, o seu bibliotecario, sobre o arranxo da biblioteca, probablemente o responsable do índice completo máis antigo e máis coñecido da biblioteca (Andrés Escapa / Rodríguez Gómez 1998).

Á marxe desta correspondencia que entra vía Gayangos, na BNE consérvanse moitos outros manuscritos e impresos procedentes da Casa do Sol. O proxecto en curso, “Ex Bibliotheca Gondomariense” (Real Biblioteca 2018), que se está a desenvolver na Real Biblioteca co obxectivo de identificar os libros que figuran nos inventarios de Gondomar, está a localizar algunhas pezas importantes nese depósito.

Sobre o fondo conservado na RAH son nulas as noticias polas que estes volumes foron parar á colección de Luis de Salazar y Castro, nado en Valladolid en 1658 e morto en 1758, data na que a súa magnífica biblioteca é legada ao mosteiro de Montserrat de Madrid, dende onde pasaría ao seu depósito actual, a Real Academia da Historia (Soria Mesa 1997: 16). Estes volumes foron moi utilizados xa que dende os anos 40 contan cun instrumento de descrición bastante preciso (Vargas-Zúñiga y Montero Espinosa / Cuartero y Huerta 1949). En canto á consulta, contamos con varios instrumentos útiles de uso común entre os historiadores. Os índices da colección Salazar recollen a descrición de todas as cartas conservadas agora na RAH, e supón un enorme esforzo catalográfico, con resultados de calidade. Pódese consultar agora, ademais de en forma impresa nos volumes 2 e 3, en CDROM e recentemente envorcados a unha base de datos dispoñible a través de Internet. Nese catálogo figura a descrición da carta escrita en galego polo licenciado Obeso de Oriona [GOND044]. Tamén se recolle a carta escrita por Lemos con postscriptum en galego:

Carta de Pedro Fernández de Castro..., VII Conde de Lemos... a Don Diego Sarmiento de Acuña... Incluye una postdata en dialecto gallego... A-73, fol. 268 [Nº 11392 do inventario].

Por último, en canto á colección de Simancas, contamos cos datos que fornece o seu editor, Antonio Ballesteros, quen confirma a súa orixe valisoletana. A este respecto, ofrécenos a seguinte información recollida de Pérez Villanueva:

El año 1940 habían aparecido en el Archivo de Simancas unos Libros encuadernados, recogidos de la casa de don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. Estaban en el epígrafe de Estado-Inglaterra y confundidos en la relación de papeles del siglo XVIII, por lo cual, hallándose refundidos era difícil dar con ellos (Ballesteros y Beretta 1943).

Esta colección foi moi utilizada xa que dende moi cedo contou coa edición mencionada, facilmente accesible.

#### 4. CIFRAS, PERSOAS E LUGARES

Estamos, en definitiva, ante un epistolario de grandes dimensións, disperso, pero cun núcleo importante na Real Biblioteca. O esforzo catalogador deste centro reflíctese nun catálogo impreso en catro volumes (López-Vidriero n.d.) cun contido semellante ao que se ofrece en liña a través de IBIS (Real Biblioteca n.d.). Para cada carta consígnase o autor, perfectamente identificado, o destinatario, os lugares de orixe e destino, a data, un sumario de contido, identificación de persoas citadas, e algunhas notas pertinentes de natureza codicolóxica, paleográficas ou con observacións sobre o contido.

Partindo deste catálogo informatizado, podemos facilmente extraer datos cuantitativos que contribúen a facer un debuxo aproximado e representativo deste material historiográfico. Os que se ofrecen a continuación son resultado da análise dun conxunto de 19.000 cartas do epistolario do conde Gondomar, que inclúe todas aquelas nas que o conde figura como autor ou como receptor.

Polo que se refire aos autores das cartas, atopámonos cun total de 4.900 nomes. Ordenados por frecuencia (Táboa 1), obsérvase que o primeiro posto o ocupa don Diego. Isto débese a que hai varios volumes copiadores, xénero propio no arquivo privado dun home de corte, que ten como finalidade deixar testemuño das cartas enviadas polo conde. Un núcleo importante das misivas recollidas neses copiadores data de 1618, ano crucial na biografía do conde, xa que coincide co fin da primeira embaixada e o regreso a España. Unha boa porcentaxe das cartas dese ano están aínda asinadas en Londres, e dan conta dos seus últimos

cometidos no seu cargo de embaixador: a constante preocupación pola situación dos católicos en Inglaterra, o apresamento e condena de Walter Raleigh ou a despedida do rei Xacobe e da nobreza inglesa. Os seus correspondentes son o rei Filipe III, o secretario Juan de Ciriza, o duque de Lerma, Uceda, ou o arquiduque Alberto de Austria, personaxes de primeira orde na política exterior da coroa de Castela, na que Gondomar xoga un papel importante.

Tamén é cuantitativamente importante o volume de cartas relativas á segunda embaixada (1620-1622), datadas maioritariamente en Londres en 1622, último ano de desempeño do cargo. O tema máis importante nesa altura é a negociación para o casamento do príncipe de Gales coa infanta española, que finalmente se frustraría. A persecución dos católicos segue a tratarse de forma recorrente, xunto coa situación de Holanda ou do Palatinado, e os preparativos para o seu desexado retorno a España.

Por último, neste capítulo de cartas do propio don Diego, hai un conxunto importante que vai dende o ano 1599, na súa función de correxedor de Toro, cargo que ocupa dende marzo de 1597, ata 1604, cando exerce o mesmo cometido en Valladolid. As noticias sobre as súas obrigas na administración destas cidades son moi precisas: planificación e execución de obras importantes, previsión de visitas de Lerma ou do rei, gastos e recadación, especialmente en 1599 co repartimento dos “millones”, mesturadas con cuestións máis íntimas, como a morte da súa nai, dona Juana de Acuña, que acontece en outubro de 1610. Para Galicia, ten interese o breve período, entre 1603 e 1604, no que o conde, gobernador da vila de Baiona e bispado de Tui e xente da guerra, é comisionado para a descarga das naves das Indias nas costas de Vigo e Baiona, profusamente documentado.

<b>Autores</b>	<b>Frec.</b>
Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña, Conde de	1185
Consejo de Estado	176
Sarmiento de Acuña, García	150
Gondomar, Constanza de Acuña, Condesa de	142
San Germán, Juan de Mendoza y Velasco, Marqués de	141
Felipe III, Rey de España	187
Coloma, Carlos, Marqués del Espinar	117
Astorga, Pedro Álvarez Osorio y Osorio, VIII Marqués de	112

Losada, Lázaro de	110
Felipe IV, Rey de España	129
Abarca de Bolea, Luis	98
Salinas, Diego de Silva y Mendoza, Conde de	96
Pérez de Matallana, Gaspar	94
Armida, Gonzalo de	85
Sarmiento de Acuña, Lope Ambrosio	85
Ciriza, Juan de	84
Boischot, Ferdinand von, Count von Erps	83
Villapadierna, Francisco de	77
Mariñas, Diego de las	76
Salvatierra, Diego Sarmiento de Sotomayor, Conde de	72
Bravo, Francisco	69
Zapata, Osorio Jerónimo	69
Calderón, Rodrigo, Marqués de Siete Iglesias	66
Barros Troncoso, Francisco de	64
García Dovalle, Pedro	64
Castro de Oya, Gregorio de	58
Cornwallis, Charles, Baron	58
Velasco, Alonso de, Conde de la Revilla	58
Grijalba, Diego de	57
Lerma, Francisco Gómez de Sandoval y Rojas, Duque de	55
Paladinas, Pedro de	54
Leonardo de Argote, Diego	52
López de Calatayud, Antonio	52
Bristol, John Digby, Earl of	51
Teves, Melchor de	51

Táboa 1: Autores con frecuencia superior a 50

Deixando a autoría do conde de Gondomar e, á marxe da correspondencia oficial, representada na Táboa 1 polos reis Filipe III e Filipe IV e o Consello de Estado, atopamos unha presenza importante de tres membros da familia: o seu irmán don García, o seu fillo Lope Ambrosio e dona Constanza, a súa muller<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> É tamén moi abundante a autoría de Antonio Sarmiento de Acuña, fillo de don Diego, pero maioritariamente é dos anos 36 ao 41, posterior, por tanto, á morte do pai, polo que non é considerada na Táboa 1.

A relación epistolar entre don Diego e don García é continua, dende 1593 ata a morte deste en 1607. Boa parte desta correspondencia está escrita dende Salamanca, onde foi colexial de San Bartolomé. É coñecida a súa función como axente librario do conde, con quen comparte afección literaria e para quen adquire libros na cidade universitaria. Nunha carta súa figura unha das primeiras noticias sobre o propio fondo epistolar. Trátase da carta de 1595 que don García remite dende Gondomar comunicando a don Diego a recepción de vinte volumes que saíran para se encadernar:

Los de las mulas que llevaron a Peña vinieron el martes y traen los libros que V.M. hizo encuadernar de cartas, que son veinte y dos (II/2157, 216).

Respecto á correspondencia mantida co seu fillo don Lope Ambrosio, é entre os anos 1609 e 1612 cando alcanza a maior intensidade. Entre 1609 e 1610 serve na armada baixo as ordes do marqués de Santa Cruz, e escribe dende Tánger, Xibraltar, Puerto de Santa María, Cádiz e Barcelona, dando conta do movemento das naves, e de episodios e circunstancias da milicia. Xa en 1610, casado con Aldonza Méndez de Sotomayor, as cartas proceden de Córdoba, cidade na que residirán.

Constanza de Acuña figura como autora en 142 cartas que abranguen un amplo período, dende 1595 ata 1620. As primeiras son escritas dende Gondomar e informan con detalle de aspectos familiares e domésticos. Así, son frecuentes asuntos como o seu estado de saúde, habitualmente fráxil, a presenza de don García, a participación en cerimoniais familiares, como o bautizo dun fillo do conde de Salvaterra, a preocupación sobre o seu patrimonio familiar, negocios con Obeso de Oriona, correxedor de Baiona e correspondente circunstancial en galego do conde de Gondomar, e, mesmo, non falta unha queixa ao marido pola excesiva entrada de libros e o consecuente requirimento de que “no trayga carga de libros ni los compre”. Nas seguintes cartas, de 1599, xa dende Toro, declara o abandono no que se atopa dada a ausencia de don Diego, manifesta o seu interese polo estado da compra da Casa do Sol de Valladolid, solicita mercedes para achegados, comenta o ocasional recurso á librería ou o estado dos papeis que nela deixou o frade Benito Guardiola á súa morte ou aconsella ao seu marido en cuestión de saúde, no negocio das súas pretensións en corte e no mantemento e aumento da facenda particular. O outro bloque importante de cartas de dona



Constanza é de 1607, cando a familia reside en Madrid. Moitas destas cartas van dirixidas a Galicia, onde se atopa don Diego, desempeñando unha comisión relacionada coa defensa da costa debido á presenza de frota holandesa. Hai nesta altura preocupación polo estado de saúde de don García, que morrerá nese ano de 1607. Por outra banda, dona Constanza está atenta ás novidades que se producen na corte e que poden ser do interese de don Diego e, deste xeito, informa dos movementos do rei ou do duque de Lerma.

En canto a unha clasificación por lugar de orixe das cartas (Táboa 2), conséntase a supremacía das tres cortes: Madrid, con 2592 misivas, Londres, con 985, e Valladolid, con 2782. Esta última, como é ben sabido, foi corte entre os anos 1601 e 1606, período no que o propio conde desempeñaría o cargo de correxedor, exactamente entre 1602 e 1605, ademais de ser a cidade na que instalaría a súa residencia dende 1599, data da compra da Casa do Sol. A estes lugares séguelles en frecuencia Toro, cidade da que tamén foi correxedor entre 1597 e 1600, e na que mantivo unha importe rede de amizades.

Lugares	Frec.
Valladolid	2728
Madrid	2592
Londres	985
Toro	640
Baiona	620
Sevilla	302
Salamanca	301
Coruña, A	295
Tui	280
Vigo	273
Córdoba	256
Lisboa	241
Zamora	234
Gondomar	230
Bruxelas	176
Milán	170
París	154
Astorga	149

Roma	146
Santiago	142
Burgos	134
Granada	107
Toledo	98
Pontevedra	95
Salvaterra	86
Benavente	74
Segovia	67
Nápoles	66
Lerma	63
León	58
San Lorenzo de El Escorial	54
Zaragoza	53
Cuenca	44
Piñeiro	44
Sober	44
Alcalá de Henares	42
Medina del Campo	41
Saldañuela	40

Táboa 2: Lugares de orixe con frecuencia superior a 40

## 5. CARTAS PROCEDENTES DE GALICIA

Polo que se refire ás cartas procedentes de Galicia, arredor de 2600, pódese trazar un primeiro eixe importante con preto de 1700 misivas, que corresponde á area xeográfica que abrangue as cidades de Vigo e Tui, xunto con Baiona, Gondomar, Salvaterra, Redondela, e lugares menores circundantes, tales como San Simón, Chaín, Mañufe, Fragoso, Teis ou Bouzas. Un segundo núcleo está formado por unhas 300 cartas remitidas dende a Coruña. Pola súa banda, polo que se refire a cidades importantes, Santiago está representada por un total de 142 cartas, Pontevedra con 95, e Ourense con 39. Finalmente, destaca unha área no interior, arredor de Ferreira e Sober, á que engadimos por proximidade as cartas remitidas dende Tor, Laiosa e Maceda, que fan un total de 50 (Táboa 3).

Do primeiro grupo, illamos unha serie importante pola súa continuidade cronolóxica e o valor informativo, formada polas cartas asinadas polos criados de don Diego en Gondomar, e especialmente, por Lázaro de Losada, que dende 1593 ata 1619 dá conta pormenorizada ao seu señor sobre todo tipo de acontecementos. Atento a toda a traxectoria biográfica de don Diego, informa puntualmente sobre o estado do pazo e de toda a facenda de Gondomar, así como da milicia e de toda circunstancia que teña lugar na contorna. Os progresos no melloramento do pazo coa construción da torre e outras reformas, executadas polo canteiro Joan Coello, a valoración das colleitas, a carestía do trigo, a chegada de naves das Indias a Baiona, novas de tipo máis social, como casamentos ou relacións entre os oficiais da milicia, nomeamentos, peticións de favores para cargos vacantes, os estragos da peste de 1598, que obriga ao traslado temporal á casa de Corvaceiras, ou minucias tales como a dificultade dunha pava branca para se cruzar co macho, debuxan un panorama variado, completo e riquísimo das cousas de Gondomar que, a xulgar pola profusión de cartas, eran con certeza moi do gusto do conde. Non faltan tampouco as noticias sobre dona Xoana Sarmiento, nai do conde, sobre a súa morte e a translación dos seu ósos xa en 1607, ou sobre a soidade da propia dona Constanza nos anos que morou en Gondomar. De natureza moi semellante e da mesma extensión cronolóxica son as noticias de Gregorio de Castro e Oya, que complementan as de Lázaro de Losada no que se refire á administración da facenda de Gondomar.

Lugar	Frec.
Baiona	622
Coruña, A	296
Tui	296
Vigo	273
Gondomar	230
Santiago	142
Pontevedra	95
Salvaterra	95
Piñeiro	44
Sober	44
Ourense	39
Redondela	34

Porriño, O	26
Bouzas	24
Rosal, O	24
Ferreira de Pantón	23
Oia	21
Guarda, A	19
Tor	17
Betanzos	13
Viana do Bolo	13
Tebra	12
Cangas	11
Laiosa	9
Monforte	9
Petán	9
Ribadeo	9

Táboa 3: Lugares de Galicia con frecuencia superior a 8

Sen saírmos deste primeiro eixo xeográfico, convén lembrar que o conde de Gondomar é cabo da xente de guerra do bispado de Tui en 1594<sup>14</sup>, e entre 1603 e 1608 é promovido a gobernador da mesma xurisdición, o que deixa reflexo polo miúdo nun monllo de cartas asinadas en Baiona, Tui ou Vigo, por citar os lugares de maior entidade. En paralelo, tamén por eses anos, entre 1603 e 1604, como apuntamos máis arriba, Gondomar ten a encomenda de xestionar a descarga das naves portuguesas procedentes de Indias. Os temas que circulan por este monllo de cartas teñen que ver coa milicia, co comercio das mercadorías de ultramar, co nomeamento de cargos, coa ameaza persistente de navíos inimigos, holandeses, turcos ou ingleses, e, en xeral, con aspectos múltiples da vida cotiá nun período histórico no que esta contorna tivo un forte protagonismo.

O segundo eixe xeográfico, que localizamos na Coruña, consta de máis de 300 cartas, maioritariamente de tema militar. Por número, destaca o bloque formado polas enviadas entre 1594 e 1596 por Diego das Mariñas, capitán xeneral de

<sup>14</sup> Na década dos 90, Diego das Mariñas nomeou cabos “a los cavalleros de más calidad y hacienda que tienen sus tierras y vassallos en las costas de la mar, por ser la gente común deste Reyno muy ovediente a la gente noble” (Saavedra Vázquez 1996: 112).

Galicia, a Gondomar, que nesa altura exerce de cabo da xente de guerra do bispado de Tui. Nesta relación epistolar entrambos, aínda que dominan os asuntos propios da milicia, hai espazo para compartir intereses familiares e librescos. Así, xunto con informacións sobre militares ou ordes de apresamentos de navíos, indicacións técnicas para a descarga de galeóns, transmisión de mandatos reais, abrolla continuamente a preocupación sobre o estado de familiares, pretensións a cargos superiores ou envío de libros. A familiaridade de trato entrambos advírtese nas apreciacións do das Mariñas acerca da letra ilexible do conde e a conveniencia de que escriba de man allea, ou pola comprensión sobre o aprecio dos libros e a mágoa que producirá a súa perda:

*La Guerra de Portugal* enbiaré con el pagador sin falta porque no he tenido tiempo de acabarla. Esté v.m. cierto que no se le perderé ni alçaré con el libro, porque sé lo que se siente perder cualquiera (II/2109, 34).

O panorama internacional da máxima actualidade destila tamén na correspondencia entre estes dous protagonistas de feitos determinantes nun espazo xeográfico crucial para o mantemento da supremacía militar da coroa española, xusto nun momento en que o territorio peninsular se estaba a ver continuamente ameazado polas incursións inglesas. Neste sentido, lémbrense os danos que a armada dese país viña de ocasionar en Cádiz á frota que estaba presta para saír para Nova España (II/2109, 30), ou a morte de Francis Drake, que é comentada con certa miudeza en maio de 1596, menos de dous meses despois de ter acontecido:

Don Bernardino [de Avellaneda] desbarató en el canal de Baama a Draque y le tomó la mayor parte de sus navíos y que Draque murió de enfermedad (II/2109, 26).

Outro número importante de cartas remitidas dende a Coruña nesas mesmas datas e con contidos semellantes está constituído polas asinadas por Melchor de Teves, que informa igualmente de asuntos militares, problemas xurisdiccionais entre a coroa e o bispado de Tui, nomeamentos de cargos militares, ou asuntos tan recentes como a toma de Cádiz por ingleses e holandeses. Para completar o panorama militar, as do gobernador xeral do Reino de Galicia, Luis Carrillo de Toledo, conde de Caracena.

En canto ás procedentes de Santiago, hai un monllo importante de cartas asinadas polos seus sucesivos arcebispos, Sanclemente Torquemada e Maximiliano de Austria, que están ao corrente dos sucesos militares nas costas de Galicia e agradecen ao conde o labor que está a desenvolver na defensa de Vigo. Sen saírmos do ámbito eclesiástico, García Guerra, capelán no mosteiro de San Domingos, que máis adiante sería arcebispo de Nova España, escribe en 1604, dando conta dun “negocio enfadoso y prolixo” que atangue a nove relixiosas preñadas (II/2110, 64). De Santiago proceden tamén cartas do concello sobre a dificultade de facer fronte á recadación de diñeiro que se lle reclaman, xunto coas habituais peticións de *mercedes* e favores.

As procedentes de Pontevedra abundan tamén nos temas da milicia, con correspondentes presentes nas da Coruña, como é o caso de Diego das Mariñas e Melchor de Teves. Entre os autores máis frecuentes figura Felipe de Montenegro, que comparte co conde un forte compromiso co reino de Galicia e afeccións literarias. En 1596 solicita o favor de Gondomar para acadar o nomeamento de cronista de Galicia ou de procurador nas cortes (II/2122, 28), e uns anos máis adiante remítelle unhas redondillas (II/2157, 20). Comparten a amizade con Diego das Mariñas e está ao tanto das efemérides e acontecementos familiares do conde, tales como casamento dos fillos ou morte do irmán García.

Dende Pontevedra chegan tamén cartas oficiais do concello, con diversas solicitudes de favor. Nun caso solicita socorro se se dera a circunstancia de que armadas inimigas chegasen á ría, e noutro pide o apoio do conde contra a resolución dos abades da orde de San Bernardo de non admitiren galegos nos seus conventos (II/2130, 145). As peticións de favores de persoas de menos entidade son igualmente recorrentes. Por último, a muller tamén está presente na correspondencia remitida dende Pontevedra, especialmente na figura de Francisca de Morana, que escribe dende o mosteiro de Santa Clara. As cartas da monxa amosan unha estreita relación co conde, con intercambio de regalos, agradecemento polas esmolas e favores outorgados ao convento ou mesmo visitas de familiares.

Respecto a Ourense, os problemas que reflicten as cartas son practicamente os mesmos, coa milicia en primeiro lugar, en concreto a situación de penuria extrema dos soldados, que non reciben o socorro necesario, asunto do que responsabilizan ao conde de Caracena, que ten a cidade “máis fatigada que otro ningún lugar del reino” (II/2150, 48). Por outra banda, o licenciado Castaño, correxedor da

cidade, é o autor máis frecuente no grupo de cartas ourensán. En representación do seu cargo, reclama que se teñan en conta os cartos entregados a Zamora para o pago do servizo de *millones* (II/2110, 4). Finalmente, agraviado por Rodrigo de Vera, por mediación do cal lle fixeron información de *vita et moribus* e, en consecuencia sufriu desterro da cidade e cinco légoas en contorno, ten que renunciar ao correxemento en 1604 (II/2178, 152).

O último grupo de cartas do que nos ocuparemos neste breve percorrido é o que se concentra xeograficamente na zona de Ferreira, Sober e Laiosa. A natureza da maioría destas cartas é familiar, especialmente as que proceden de Ferreira, lugar onde casa dona Xoana Sarmiento, filla do conde de Gondomar, con don Alonso de Lemos, conde de Amarante, de quen parten misivas con novas familiares e peticións de favores. Tamén é correspondente habitual Alonso López de Lemos, pai do conde de Amarante.

Esta mesma familia escribe tamén dende Sober, sobre todo a partir de 1610. Xoana Sarmiento considera este lugar como “la aldea más sola que se puede imajinar”, xa que “no hai en que entrenerse i passar la vida”, e está a meditar a oportunidade que lle ofrece o seu pai de trasladárense a Valladolid (II/2119, 189). Nesa mesma carta, solicita ao seu pai que se lembre dos Troncoso, criados xa vellos que serviron sempre con lealdade.

De contido diferente, asinada tamén nesa localidade, Xoana Sarmiento escribe unha carta que revela as afeccións literarias do seu marido, o conde de Amarante, que seguramente comparte co seu sogro, o conde de Gondomar. Neste sentido, afirma que “don Alonso está mui contento con los sonetos que Sánchez dize le a de inviar”, e á fin da carta, no sobrescrito, reclama tres composicións concretas:

Don Alonso pide a Sánchez le ynbie una glosa del conde de Salinas que enpieza... y los zelos del conde, que enpiezan... y un soneto a la muerte del rei, que dize mató David al Filisteo. Estas me aga plazer de inbiarme con las demás (II/2113, 203).

Finalmente, dende Laiosa escribe María de Moscoso e Sandoval, que, como é ben sabido, é autora dunha carta en galego, e o seu fillo Antonio de Novoa e Lemos. Os temas que tratan son os habituais: petición de favores, en particular para o encabezamento das alcabalas, parabéns por nomeamentos de cargos para persoas do círculo de Gondomar, como Juan de Acuña, que es promovido á

presidencia de Castela en 1610, ou para o propio Gondomar cando parte como embaixador a Inglaterra.

En conclusión, pola ampla xeografía que abrangue o epistolario do conde de Gondomar discorren personaxes que representan todos os estamentos e cargos do tecido social da época. Dentro deste conxunto heteroxéneo, o reino de Galicia ten unha presenza destacada polas orixes do seu destinatario, polos cargos que ocupou en defensa das súas costas e polo papel de intermediario nas reivindicacións particulares dos seus naturais e do reino en xeral. Os escasos testemuños en lingua galega son reflexo desa variedade xeográfica e social: mulleres e homes do común, como Beatriz da Serra [GOND036, GOND037] ou o caseiro San Juan de Amorín [GOND046]; membros de familia fidalga, como María de Moscoso y Sotomayor [GOND043], Diego Sarmiento de Sotomayor [GOND038, GOND039], Rodrigo de Moscoso e Sandoval [GOND045] ou Juan de Lanzós y Andrade [GOND040]; funcionarios da monarquía, como o correxedor de Baiona, Obeso de Oriona [GOND044]; e, finalmente, representantes do clero, como Lope Gallo de Avellaneda [GOND041].



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AHIJADO MARTÍNEZ, José Antonio (2012): «El fondo del chantre de Teruel don Joaquín Ibáñez [II]. Noticia biográfica», *Avisos. Noticias de La Real Biblioteca* 66, s.p.
- ÁLVAREZ, Rosario / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. <<http://ilg.usc.gal/gondomar/>>.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2002): «O Diálogo de Alberte e Bieito: dramaturxia, elites letras e escrita en galego a fins do século XVI», *Boletín da Real Academia Galega* 363, 241-311.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2003): «Escrita poética en galego a fins do século XVI: a *Canción galega en loor de Don Diego das Mariñas Parragués*», *Boletín da Real Academia Galega* 364, 249-305.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2005): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626) (II)», *Boletín da Real Academia Galega* 366, 225-304.
- ANDRÉS ESCAPA, Pablo (2012): «Ramírez de Alamanzón y la tasación de la librería del conde de Gondomar», *Avisos. Noticias de La Real Biblioteca* 66, s.p.
- ANDRÉS ESCAPA, Pablo / José Luís RODRÍGUEZ GÓMEZ (1998): «Manuscritos y saberes en la librería del conde de Gondomar», en María Luisa LÓPEZ-VIDRIERO / Pedro M. CÁTEDRA GARCÍA (eds.): *El libro antiguo español*. Salamanca / Madrid: Universidad de Salamanca / Patrimonio Nacional, 13-81.
- ARATA, Stefano (1996): «Teatro y coleccionismo teatral a finales del siglo XVI (el Conde de Gondomar y Lope de Vega)», *Anuario de Lope de Vega*, 7-23.
- BALLESTEROS Y BERETTA, Antonio (1943): *Documentos Inéditos para la Historia de España*. Madrid: Viuda de Estanislao Maestre.
- BOUZA, Fernando (1996): «Guardar papeles —y quemarlos— en tiempos de Felipe II: la documentación de Juan de Zúñiga (un capítulo para la Historia del Fondo Altamira) (I)», *Reales Sitios* 33(129), 3-15.
- BOUZA, Fernando (1997): «Guardar papeles —y quemarlos— en tiempos de Felipe II: la documentación de Juan de Zúñiga (un capítulo para la Historia del Fondo Altamira) (II)», *Reales Sitios* 34(131), 18-33.
- CUÑAT CISCAR, Virginia M.<sup>a</sup> (2002): «Presentación: Colecciones documentales heredadas, generadas y creadas», en *Actas del VI Congreso Internacional de la Cultura Escrita*. Vol. II. Madrid: Calambur, 389-390.
- FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Enrique / José CORTIJO MEDINA (1999): «Noticias sobre la venta de la librería del conde de Gondomar al rey Carlos IV y su traslado al Palacio Nuevo de Madrid», *Cuadernos para Investigación de la Literatura Hispánica* 24, 309-328.
- GARCÍA ORO, José (1997): *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar y embajador de España (1567-1626). Estudio biográfico*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- LÓPEZ-VIDRIERO, María Luisa (n.d.): *Correspondencia del conde de Gondomar (Catálogo de la Real Biblioteca; t. XIII)*. Madrid: Patrimonio Nacional.
- LÓPEZ-VIDRIERO, María Luisa (1999): *Los Libros de Francisco de Bruna en el Palacio del Rey*. Madrid: Fundación el Monte y Patrimonio Nacional.
- LÓPEZ-VIDRIERO, María Luisa (2004): *Papeles varios del conde de Gondomar. Derecho*. Madrid: Patrimonio Nacional.

- MANSO PORTO, Carmen (1996): *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (1567-1626): erudito, mecenas y bibliófilo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- MICHAEL, Ian / José Antonio AHIJADO MARTÍNEZ (1996): «La Casa del Sol: la biblioteca del conde de Gondomar en 1616-1623 y su dispersión en 1806», en *El libro antiguo Español. III: El libro en Palacio y otros estudios bibliográficos*. Madrid / Salamanca: Patrimonio Nacional / Universidad de Salamanca, 185-200.
- MONTCHER, Fabien (2011): «La carta como taller historiográfico. Elaboración y circulación de materia genealógica entre Alonso de Haro y Diego Sarmiento de Acuña (1608-1620)», en M. J. SALAMANCA LÓPEZ (ed.): *La materialidad escrita. Nuevos enfoques para su interpretación*. Oviedo: Instituto de Estudios para la Paz y la Cooperación, 87-162.
- MORENO GALLEGO, V. (2005): «Letras misivas, letras humanas, letras divinas. La correspondencia del cardenal Granvela en la Real Biblioteca y sus cartas de autores», *Cuadernos de Historia Moderna. Anejos, IV*, 31-55.
- REAL BIBLIOTECA. (n.d.): IBIS. Base de datos del patrimonio bibliográfico de Patrimonio Nacional.
- REAL BIBLIOTECA. (2018): Ex Bibliotheca Gondomariensi. <<http://inventarios.realbiblioteca.es/>>.
- ROCA, Pedro (1904): *Catálogo de los manuscritos que pertenecieron a don Pascual de Gayangos*. Madrid: Tip. de la Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos.
- SAAVEDRA Vázquez, María del Carmen (1996): *Galicia en el camino de Flandes. Actividad militar, economía y sociedad en la España noratlántica, 1556-1648*. A Coruña: Edición do Castro.
- SORIA MESA, Enrique (1997): *La biblioteca genealógica de don Luis de Salazar y Castro*. Córdoba: Universidad de Córdoba.
- VARGAS-ZÚÑIGA Y MONTERO ESPINOSA, Antonio de / Baltasar CUARTERO Y HUERTA (1949): *Índice de la Colección de Don Luis Salazar y Castro*. Madrid: Real Academia de la Historia.

## ANEXO

**Listaxe de signaturas de volumes con correspondencia de Gondomar na RB**

Na primeira columna indícase a signatura; na segunda transcríbese a etiqueta ou a cartela con indicación de título. Hai correspondencia entre estes rótulos e os asentos dos inventarios, de aí o seu interese. Na terceira columna danse as datas extremas das cartas contidas.

Signatura	ETIQUETA / cartela / rótulo	data
II/1850	CARTAS A DN. DIEGO SARMIEN	1615
II/2106	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Por mano del siglo XVIII: Cartas de varios sugetos, año de 1603.72	1602-1603
II/2107	CARTAS / VARIAS	1617
II/2108	EMBAJADA DE GONDOMAR h. [1]r, por mano del s. XIX: Contiene copias de cartas y otros documentos y noticias de la época de la embajada de Londres del conde de Gondomar, embajador de España por los años de 1619 a 1622 y correspondencia con Dn. Baltasar de Zúñiga	1619-1623
II/2109	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO h. [1]r, por mano del I: Cartas de diferentes personas. Año de 1595 y 1596. 93	1594-1597
II/2110	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1603-1604
II/2111	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	
II/2112	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1608
II/2113	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1600-1610
II/2114	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Sobre h. [2], papeleta por mano del I: Cartas a Dn. Diego Sarmiento	1602-1608
II/2115	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1604-1619
II/2116	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1596-1619
II/2117	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1604, 1608, 1619
II/2118	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Originales	1610-1619
II/2119	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO / 1561 À 1582	1561-1582
II/2120	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1600-1607
II/2121	CARTA. / A D. DIE. / SARMIE	1600

<b>Signatura</b>	<b>ETIQUETA / cartela / rótulo</b>	<b>data</b>
II/2122	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1599-1611
II/2123	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO / 1600 À 1603	1600-1620
II/2124	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1601-1619
II/2125	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1600-1612
II/2126	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1608
II/2127	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO / 1605 Á 1606	1601, 1605-1606
II/2128	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1592-1608
II/2129	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO En h. de guarda: Cartas de diferentes personas, año de 1609, 1610, 1611, 1612	1609-1612
II/2130	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1603, 1604-1605
II/2131	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1604, 1610
II/2132	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Cartela pegada a f. 1r: Cartas a don Diego Sarmiento. Cartela pegada a f. 342r: Cartas varias 1539 a 1619	1539-1619
II/2133	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Entre doc. 194-195, tira de papel: Cartas de diferentes personas. Año de 1608. 17	1608
II/2134	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1619
II/2135	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1598
II/2136	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1602
II/2137	CARTAS / A. D. DIEGO / SARMIENTO	1603
II/2138	CARTAS / A. D. DIEGO / SARMIENTO	1597-1600
II/2139	CARTAS / A. D. DIEGO / SARMIENTO	1597-1598
II/2140	CARTAS / A. D. DIEGO / SARMIENTO / VARIOS AÑOS	1599, 1600, 1619
II/2141	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIEN	1563-1606
II/2142	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1608-1613
II/2143	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIEN	1610
II/2144	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1609
II/2145	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1592-1600
II/2146	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1598-1610
II/2147	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENT	1597-1599
II/2148	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1604-1619
II/2149	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1589-1596

<b>Signatura</b>	<b>ETIQUETA / cartela / rótulo</b>	<b>data</b>
II/2150	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1603-1604
II/2151	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1595-1597
II/2152	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIE	1615-1616
II/2153	CARTAS / A DN. DIEGO / SARMITO / 1597 / Á / 1599	1597-1619
II/2154	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1598-1604
II/2155	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1607-1607
II/2156	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO	1604, 1607
II/2157	CARTAS / A D. DIEGO / SARMIENTO Hoja de guarda: Cartas. / Año de 1596. / 71	1594-1597
II/2158	CARTAS / VARIAS	1612-1613
II/2159	CARTAS / AL CONDE / DE / GONDOMAR	1619
II/2160	CARTAS / A D. DIEGO / SARIMENT	1618-1619
II/2161	CARTAS / VARIAS.	1617
II/2162	CARTAS / VARIAS	1589-1596
II/2163	CARTAS / VARIAS	1593-1600
II/2164	CARTAS / VARIAS	1608-1612
II/2165	CARTAS / VARIAS.	1618-1619
II/2166	CARTAS / VARIAS.	1605-1612
II/2167	EMBAJADA / DE LONDRES / 1623 En hoja de guarda: Consultas y Otros Papeles sobre cosas de Ynglaterra. Año de 1623. 33	1622-1623
II/2168	CARTAS / VARIAS / M. S.	1613-1614
II/2169	CARTAS / VARIAS / M. S.	1615
II/2170	CARTAS / VARIAS.	1613-1622
II/2171	CARTAS / VARIAS	1599-1604
II/2172	CARTAS / DE / LONDRES / 1624 En hoja de guarda: Cartas y otros Papeles Escritos de Londres a S. M. por el marqués de Ynojosa, Don Carlos Coloma y Fray diego de la fuente de el año 1624 En hoja suelta: Inojosa El Marqués de. Cartas y otros papeles escritos desde Londres a S. M. en el año 1624. Manuscrito. Tomo 1 en folio mayor pasta. Sala 2.ª. Estante let. D. Pluteo 4±	1624
II/2173	CARTAS / A D. ALONS / DE / VELASCO En hoja de guarda: Cartas y otras partes a Don Alonso de Velasco desde el año de 1612 hasta 1618	1612-1619
II/2174	CARTAS / VARIAS / DE 1618	1618
II/2175	CARTAS / VARIAS	1608-1614

<b>Signatura</b>	<b>ETIQUETA / cartela / rótulo</b>	<b>data</b>
II/2176	PAPELES / DE / EMBAJADA En hoja de respeto: Despachos del Embaxador de Ynglaterra y de España, Año de 1608. 4.ª parte. 50	1608
II/2177	CARTAS / VARIAS / DE 1598	1596-1598
II/2178	CARTAS / À D. DIEGO / SARMIENTO / 1604	1600-1604
II/2179	CARTAS / Á D. DIEGO / SARMIENTO / 1608. 1612 / 1613	1607-1620
II/2180	CARTAS / Á D. DIEGO / SARMIENTO / 1618 À 1620	1598-1620
II/2181	CARTAS / DE D. ANTONIO / SARMIENTO / 1635 À 1638	1633-1638
II/2182	CARTAS / VARIAS	1610-1618
II/2183	CARTAS / DE / FELIPE III	1612-1613
II/2184	CARTAS / VARIAS Entre docs. 12 y 13: De 1601 años. Tan Bien ay en este libro algunos Borradores de cartas de 1599. Gaspar Pérez [de Matallana]. Cartas de diferentes personas. Año 1601. 61	1597-1601
II/2185	CARTAS / VARIAS	1617-1618
II/2186	CARTAS VARIAS	1514-1597
II/2187	CARTAS DE PERSONAGES Consultas de Alemania y Flandes del año de 162[4]. 35	1624
II/2189	CARTAS Y PAPELES VARIOS	1610-1612
II/2190	CARTAS Y PAPELES VARIOS	1594-1598
II/2191	CARTAS Y PROVISIONES REALES	1620-1623
II/2195	CARTAS A DON LOPE DE ACUÑA	1546-1613
II/2196	RELACIONES Y CARTAS	1518-1603
II/2197	CARTAS VARIAS	1621-1625
II/2198	Tej.: CARTAS VARIAS 1613 A 1623	1622-1630
II/2199	CARTAS VARIAS	1618-1619
II/2200	PAPELES Y CARTAS VARIAS	1623
II/2202	PAPELES VARIOS fol. 1r: Contiene copias de cartas de personajes, oficios expedidos en Palacio, provisiones Reales del tiempo de Felipe 2 <sup>±</sup> y 3 <sup>±</sup> , cartas del 1 <sup>±</sup> al Marqués de Poza, Ministro y Presidente del tribunal de Hacienda, etc. desde el año de 1553 hasta 1626. Contiene cartela fol. 2r: Papeles varios	1553-1617
II/2205	Tej.: CARTAS DE PERSONAGES	1478-1642

<b>Signatura</b>	<b>ETIQUETA / cartela / rótulo</b>	<b>data</b>
II/2207	Tej.: CARTAS VARIAS Cartas varias de Personages españoles del siglo 16, desde 1583 a 1599. Tomo 2.º. Tras doc. 124: Cartas recibidas del año de 99 y 97. Lázaro Losada	1584-1599
II/2208	CARTAS AL REY DON FELIPE 4	1586-1642
II/2209	CARTAS PROVISIONES REALES DE FELIPE. 2 Y 3 [f.1r]: Contiene cartas, Provisiones Reales, y otros documentos del tiempo del Rey Don Felipe 2± y 3± y copias de papeles de varias materias de importancia de la época de dicho don Felipe 3±	1547-1643
II/2211	CARTAS Á D. LOPE DE ACUÑA Folio 1r: Cartas de diferentes personas a Don Lope de Acuña, en diferentes años / Diego Arevalo	1549-1585
II/2212	CARTAS VARIAS	1557-1609
II/2213	CARTAS VARIAS	
II/2219	CONSULTAS / DEL CONSEJO / DE / ESTADO	1622-1623
II/2220	CONSULTAS / DEL CONSEJO / DE ÉSTADO / 1623 À 1624 Cartela pegada entre los folios 1 y 2 del doc. 23: Consultas del Consejo de Estado 1623, 1624	1623-1624
II/2221	CONSULTAS / DEL CONSEJO / DE ESTADO	1618-1621
II/2228	DESPACHOS / REALES / REPRESENTACIO[N]	1614-1615
II/2234	VARIOS / DE / BORGOÑA	1636-1639
II/2239	PAPELES / VARIOS	1603-1604
II/2422	SERVICIO / DE / MILLONES	1598-1621
II/2504	CARTAS VARIAS	1526-1599
II/2540	PROVISI / REALES	
II/2541	CARTA / VARIA	1618-1620
II/2545	CARTAS / VARIAS.	1540-1580

Datos tomados de Real Biblioteca (n. d.)

